



Expediente núm.:2018/C005/000005

Memoria Xustificativa

Procedemento: Contrato de subministración por Procedemento Aberto Simplificado sumario

Asunto: Subministración de material eléctrico para a área de Servizos do Concello de Vimianzo

Documento asinado por: Alcaldía

MEMORIA XUSTIFICATIVA

1. Órgano de contratación: Xunta de Goberno Local do Concello de Vimianzo

2.Procedemento de licitación: Aberto simplificado sumario, por razón da contía (art. 159.6 LCSP). Ademais elíxese este procedemento por mor da axilidade e celeridade na contratación dada a necesidade de subministración do material.

3.Tramitación: ordinaria

4.Obxecto do contrato: a subministración de material eléctrico para a área de servizos do concello de Vimianzo, de conformidade cos pregos de cláusulas administrativas particulares e prescricións técnicas.

5.Prazo de execución: un ano ou até esgotar partida.

6.Prórroga do contrato: non procede

7.Revisión de prezos: non procede

8.Garantía provisional: non se esixe

9.Garantía definitiva: non se esixe

10.Garantía complementaria:

non se esixe

11.Solvencia:

De conformidade co art. 159.6 da LCSP os licitadores están exentos de acreditación da solvencia económica, técnica ou profesional.

12.Valor estimado do contrato: 14.920,80 euros.

Para o cálculo dos custos tívose en conta a facturación dos bens a fornecer así como os prezos do mercado e partindo dunha estimación das unidades precisas, que non se poden determinar a priori.

13.Nomenclatura CPV:

Código CPV	Descrición
1	31000000-6 (Máquinas, aparellos, equipo e produtos consumibles eléctricos; iluminación)
2	31500000-1 (material de iluminación e lámparas eléctricas)

14.Necesidade e idoneidade do contrato: xustifícase a necesidade de contratación de conformidade co art.28 da LCSP, pola necesidade de realizar reparacións, obras de conservación e mantemento de bens e infraestruturas municipais sobre as que ten competencia o municipio, que o Concello de Vimianzo executa con persoal propio, motivo polo cal é necesario constar cos materiais necesarios para acometer estas actuacións.

15.Lotes:

Conforme ao establecido no art.116 da LCSP indícanse as principais razóns polas que se decidiu non subdividir a mesma en lotes:



-O contrato non é susceptible en lotes polas características propias do obxecto da subministración, xa que dificultaría a súa execución aos efectos de coordinar a execución do contrato entre o persoal municipal ao existir pluralidade de contratistas.

16.Mesa de contratación: A súa composición é a seguinte:

Presidente:

- D.Manuel Antelo Pazos, alcalde do concello ou persoa en quen delegue.

Vogais:

-D.^a Manuela Barcia Vázquez, interventor do Concello de Outes en réxime de acumulación no concello de Vimianzo ou funcionario que legalmente o substitúa, vogal interventor.

-D.^a.M^a Cristina Varela García, secretaria do Concello de Xermade en réxime de acumulación no Concello de Vimianzo ou funcionario que legalmente o substitúa, vogal letrado.

-D.^a.Bielca González Ramos, técnica do servizo de urbanismo ou funcionario que legalmente o substitúa.

Secretaría:

-D.^a.Ivanna Vidal Domínguez, técnica de xestión da área de xestión administrativa ou funcionario que legalmente o substitúa.

Respecto da vogal do servizo de urbanismo désígnase á técnica de urbanismo e obras, funcionaria interina, ao tratarse da única funcionaria dispoñible no departamento, tendo en conta que a arquitecta, tamén funcionaria interina, se atopa en situación de ILT. Polo tanto, acredítase a concorrencia das circunstancias que permiten a designación de funcionarios interinos (art. 326.5 LCSP)

17.Responsable do contrato: o Coordinador de Servizo Externos do Concello de Vimianzo, supervisado pola Alcaldía.

O que asino en Vimianzo,

O alcalde

Manuel Antelo Pazos

(documento asinado dixitalmente)